

Non se ten unha idea adecuada da feminización do traballo se non se ten en conta o feito de que existe un desexo feminino de estudar e traballar non só por necesidade económica nin para ser como os homes, senón por un desexo autónomo feminino de afianzamento no mundo. (...)

O que nos di a nosa experiencia é que as mulleres non se entregan por enteiro á medida do diñeiro nin tampouco á da carreira; senón que ao mercado lévano todo, isto é, tamén a calidade das relacións no posto de traballo, a resposta dos outros e das outras á súa presenza, os resultados cualitativos do seu traballo...

Extracto do texto publicado en «Via Dogana» 30 (marzo 1997) 8-9.
Tradución María-Milagros Rivera Garretas

Comenta o parágrafo sobre o desexo feminino de estudar e traballar. Pensa na túa vida futura, de adulta. Como a imaxinas? Que esperas que che aporte un posto de traballo, a maiores dun xeito de gañar a vida? Que cantidade de tempo da túa vida estarías disposta a dedicar a traballar? Pareceche importante o que afirma a autora sobre as achegas das mulleres ao mundo do traballo? ¿Cres que sinala condicións que até agora non se tiveron en conta?

Indaga as categorías profesionais nas que se divide o mercado de traballo. En cales consideras que a presenza feminina é significativa? A que atribúes a ausencia de mulleres nas demais? Con que ámbitos están relacionadas as profesións "feminizadas"? A medida que as mulleres se incorporan masivamente a un ámbito laboral, os salarios baixan, a precariedade aumenta e o prestixio da profesión diminúe. A que atribúes este fenómeno?

M A I O

Négome a entrar no estúpido xogo de ter que demostrar o dobre para obter a metade.

Amelia Valcárcel

L	M	Me	X	V	S	D
			1	2	3	4
			1935 Créase "La Reivindicadora", sindicato de mulleres da conserva de Aldán, Cangas e Hio.	1975 A lei 14/75 modifica a situación xurídica das mulleres casadas	As mulleres lapidadas, acusadas de delitos dos que elas eran as vítimas	1992 Nais de soldados serbios esixen o retorno dos seus fillos da fronte
5	6	7	8	9	10	11
1589 María Pita defende a cidade da Coruña sitiada por Drake e a armada inglesa	1991 Pasamento de Marlene Dietrich, actriz alemá	1748 Nace Olimpia de Gouges, autora de "Os dereitos da muller e da cidadá"	1919 Nace en Castelló Matilde Salvador Segarra, compositora e pianista	1977 Olivia Posse, ferida pola Garda Civil ao se opor á extracción de area en Baldaio	1780 Nace Angelica Catalani, soprano italiana	1960 Sæe ao mercado a primeira píldora anticonceptiva
12	13	14	15	16	17	18
1910 Nace Dorothy Hodgkin, escritora Nobel de Química (1964)	1260 María Balleira, a máis afoitada das soldadeiras pero quizá tamén a máis aldraxada	1847 Falece Fanny Hensel Mendelssohn, compositora alemá	1926 Celébrase o X Congreso da Alianza Internacional para o voto das mulleres	1718 Nace Mª Gaetana Agnesi, matemática. Estudos sobre tanxentes a curvas	1863 Rosalia de Castro publica "Cantares Gallegos", no futuro, Día das Letras Galegas	1944 Nace Celia Amorós. Teórica feminista. "Cara a unha crítica da razón patriarcal"
19	20	21	22	23	24	25
1995 Falece Concha Espina, escritora santanderina candidata ao Premio Nobel	1896 Pasamento de Clara Schumann, compositora e concertista austríaca	1944 Nace Mary Robinson. Presidenta da Rep. de Irlanda e defensora dos DDHH	1851 Nace Concepción Saiz Otero, escritora e pedagoga compostelá, "a mestra de todas"	2004 Marcha Mundial das Mulleres Europeas en Vigo "Contra a Pobreza e a Violencia"	Día Internacional das Mulleres pola Paz e o Desarme	Chus Lago, primeira muller en culminar a cima do Everest sen axuda de oxíxeno
26	27	28	29	30	31	
1689 Nace Wortley Montagu. Introduciu na Europa o uso da vacina da variola	2004 Ingresa a primeira muller na Academia de Farmacia de Galiza: a Doutora Tarsy Carballas.	1917 O Parlamento británico aproba a Lei de Sufraxio Feminino	1934 Nace Nancy Cárdenas, escritora mexicana	1895 Nacen Elisa e Jimena Fernández de la Vega, primeiras alumnas da USC. Acuden escollidas ás clases.	1950 Nace Mercedes Brea, impulsora dos estudos e da difusión do cancionero medieval galego.	